

Logo de ler *Branco*, a un dälle por pensar que os fondos abisais da iniquidade humana non teñen fin. Dous militares das forzas de represión, unha detida da que abusan sadicamente e ducias de paseados que son brutalmente asasinados constitúen a fauna violenta que poboas as páxinas desta novela que, porén, vai moito máis alá do documental sobre a violencia irracional.

Branco é, sobre todo, unha exploración das razóns da sen razón, unha indagación a propósito de como o sistema e os resortes do poder condicionan e mesmo determinan o comportamento dos individuos.

O odio, o rancor e a vinganza que destilan as planas desta obra propoñen-nos múltiples reflexións: teñen os verdugos elección?, por que son como son?, o tempo cámbiaos?

E, non obstante, sendo innegable o impactante dos temas e situacións escollidos por Darriba,

Lóstregos escuros

Film de palabras

ARMANDO REQUEIXO

teño para min que non é menos característico na súa narrativa o minimalismo co que rebarba a prosa. Períodos moi breves, de apenas unha liña ou li-

ña e media, alerxia polas subordinadas e unha contención expresiva máxima que aforra en adxectivos o que gaña en plasticidade: menos é máis.

Esta linguaxe directa acáelle perfectamente á progresión veloz da acción, que non ofrece concesións a nada que non sexa substantivo: unicamente catro, cinco personaxes sosteñen a trama, dous escenarios e case unha única voz narrativa. É a mesma técnica dos grandes da pintura: poucos trazos, pero certos.

Alén do dito, *Branco* é tamén un filme de palabras, cheo de suxestións visuais que o achegan a un xeito de narrar moi propio da narrativa anglosaxo-

na, con ese seu neabsurdismo transgresor e underground do bizarro, na estela da cal debe situarse esta proposta máis que nos ecos do país. Incluso hai unha deliberada indefinición espazo-temporal que abre para a obra unha lectura universalizada, pois o que nela se conta, lonxe de ser un patrimonio exclusivo dos de aquí, pertence ao fondo común da especie: o noso reverso negativo, os impulsos destrutivos e a memoria da desfeita.

Seguindo anteriores propostas como as contidas en *Accidental* (2003) ou *Experimentos coa mentira* (2005), este *Branco* do escritor sarriao supera as precedentes na contundencia e a intensidade na captación do pasional humano, no estudo da súa viscera incontrolable e só aparentemente ilóxica.

Poucas veces en literatura se consegue comunicar tanto con tal economía de medios. Por iso *Branco* merece o aplauso da obra destilada por decantación, depurada, núa, luída pero dunha brutal complexidade emocional. Unha obra que ha ser un premio para o lector que saiba apreciala na súa extensamente emotiva brevidade textual.

DARRIBA, Manuel, *Branco*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 11,90 €



Un pobo en guerra

Das proezas de noso

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

O 30 de maio de 1808 un grupo formado por uns poucos suboficiais do exército, un talabarteiro, un franciscano promoveron o levantamento do pobo galego na cidade da Coruña e a constitución dunha Xunta que acordou convocar a Xunta do Reino, que estaría integrada polos representantes das sete cidades para que asumisen o poder en toda Galicia de forma permanente. A Xunta do Reino, daquela, constituíuse o 5 de xuño e o 20 de xuño autoproclámase "potestade suprema e soberana", se ben en representación de Fernando VII. As Xuntas, con todo, combinaron dous elementos, un tradicional, pois as xuntas eran herdeiras dunha tradición histórica do reino de Galicia, e outro que tivo unha significación revolucionaria: o apelo á soberanía e á asunción ao goberno do país ante a ausencia de poder.

Unha das primeiras medidas do Reino foi a organización da defensa de Galicia e do goberno da nación galega; porén, malia as medidas adoptadas, o certo é que a ocupación de Galicia polo exér-

cito napoleónico, malia que non estaba nos plans iniciais do emperador, foi rápida: en 25 días toda Galicia foi ocupada sen resistencia algunha... e a Xunta que asumira o goberno

de Galicia disolveuse, deixando ao pobo sen a guía necesario nos momentos máis difíciles.

Con todo, animado por numerosos caudillos populares e algúns cregos, o pobo galego, organizado en alarmas por todo o territorio co obxectivo de liberar o país; así pois, na guerra de liberación –se tal denominación é acertada–, o papel do exército regular foi secundario en relación co papel exercido polo pobo.

Eis dous elementos fundamentais para que triunfase plenamente unha revolución liberal burguesa: a existencia dun goberno que apela á soberanía nacional (as Xuntas) e dun exército po-

pular ben organizado e capaz de organizar a defensa e a liberación dun territorio (as alarmas). Forén, isto rematou nun fracaso.

O profesor e académico Xosé R. Barreiro Fernández analiza en profundidade, co rigor histórico a que nos ten afeitos nas súas numerosas investigacións, eses dous elementos e o papel que xogaron na guerra de independencia no seu último libro: *Historia social da guerra de independencia de Galicia* (Xerais, 2009). Para este profesor, unha das razóns que poden explicar ese fracaso é a presenza que o clero e máis a aristocracia nas Xuntas, que mantiveron intacto o seu poder. Así mesmo, analiza no seu libro o papel do novo xornalismo, que servise como canle para o debate a formación do discurso político durante a guerra.

Neste sentido, pois, estamos ante unha obra de investigación fundamental para coñecer e comprender un período histórico de gran importancia para entender o período da guerra da independencia. Animo, xa que logo, á súa lectura.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R. *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP 20 €



Pintar poemas

Formas impactantes

ROMÁN RAÑA

Sabemos que Correa Corredoira (A Coruña, 1952) é un dos artistas plásticos máis relevantes dos últimos tempos na nosa terra, que participou en exposicións colectivas de enorme repercusión (no movemento Atlántica) formando parte, precisamente, de grupos como La Galga e Gruporán que pulularon pola cidade herculina e axitaron a súa anódina vida cultural e artística. Agora temos entre nós o seu poemario *Os días adiados*. O fermoso volume complementase con debuxos da súa autoría e, creo, nesta necesaria interlocución entre a poesía que pinta e a pintura que poetaza radica un dos seus valores máis salientábeis. Así, para o meu gusto, destacaría o truculento e dramático poema que di: "Tras cortarlle as santas mans a Francisco Miguel/os verdugos da guardia civil observaron/como pintaba coas sangraduras dos cotos/unha laxe estrelecida pola peneira/dun castiñeiro ergueito na noite de verán."

O texto narrativo vai pincelando a traxedia dun represaliado da posguerra civil. Unhas páxinas atrás contemplamos unha lámina de cariz expresionista onde unha figura humana, coas mans amputadas, bota sangue a regos pincelando a propia historia do terror franquista, nun rostro desencanaído, con palabras no seu fondo, como vagas testemuñas do horror dunha contenda sen piedade.

Mais non pensemos que o presente tomo ten unha única dimensión escritural. No seu interior tamén caben pequenas pezas que nos lembran o haikú pola súa concisión e que supoñen unha recreación vocabular cunha deliberada aliteración como chiscadela á nosa intelixencia: "Farto de altura/e ritmo de rumbo/vai na noite Rimbaud."

Coxisten nesta obra outros debuxos impactantes onde brillan os peixes ou onde miramos

o devorador Xúpiter goyesco engulindo o seu propio fillo ou unha figura fantasmal que flutúa no espazo estelar ou unha ponte apunta versos que se esvaen pola memoria e que nos lembran o destino tamén tráxico de Paul Celan. A eles parece referirse o noso artista cando fala dos mestres da arte suicida e, a este respecto, atopamos moitas homenaxes.

Con todo, non é allea á sensibilidade do noso autor a mención a unha paisaxe que continuamente cambia de alma e resucita ante os nosos ollos, un refinado microcosmo que se nos descobre comunicábel con palabras. Os poemas, obxectos imperfectos e fráxiles, van compondo unha elexia, mais tamén unha celebración da natureza e da vida, como no caso da derradeira peza, un conmovido canto á procreación, ao nacemento dunha filla. Existen, como abrollos verdes, numerosos momentos de festexo e regozizo. Completa o festín un apaixonado prólogo de Xavier Seoane.

CORREA CORREDOIRA, *Os días adiados*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 15 €

